

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

MODIFICACIÓN CALENDARIO FISCAL 2026

EXPEDIENTE : 2026/G003/000990

EXPEDIENTE RELACIONADO: 2026/X999/000161

Vista a proposta da tesouraría, transcrita a continuación:

“Con data 15 de xaneiro de 2026 prestábase aprobación, mediante resolución de alcaldía número31, ao calendario fiscal para o exercicio 2026.

O calendario establecido foi o seguinte:

Concepto	Exercicio e período	Período voluntario ingreso	Data de cargo domiciliados
IVTM	2026	17/03/2026-18/05/2026	01/04/2026
LIXO	2026/1 cuadrimestre	17/03/2026-18/05/2026	02/04/2026
LIXO	2026/2 cuadrimestre	15/07/2026-15/09/2026	30/07/2026
IBI URBANA	2026	01/09/2026-02/11/2026	01/10/2026
IBI RUSTICA	2026	01/09/2026-02/11/2026	02/10/2026
IBI BICES	2026	01/09/2026-02/11/2026	01/10/2026
IAE	2026	01/09/2026-02/11/2026	02/09/2026
VADOS e CARGA e DESCARGA	2026	01/09/2026-03/11/2026	03/09/2026
LIXO	2026/3 cuadrimestre	01/10/2026-01/12/2026	01/10/2026
MESAS E CADEIRAS	2026	15/10/2026-16/12/2026	15/10/2026
MERCADILLO	2026/bimensual	Dous meses desde o fin exposición pública	Primeiro día do período voluntario
MERCADO	2026/trimestral	Dous meses desde o fin exposición pública	Primeiro día do período voluntario
PREZO PÚBLICO SAF	2026/mensual	Dous meses desde o fin exposición pública	Primeiro día do período voluntario

Non obstante, no propio decreto prevíase a posibilidade do calendario:

“A pesar de que, por principio, deben respectarse os prazos establecidos no calendario fiscal, si por causas debidamente xustificadas, os padróns non puideran poñerse ao cobro nas datas mencionadas, o Concello resérvase a facultade de modificar o presente calendario, debendo proceder a dar difusión suficiente á antedita modificación a través dos mesmos medios que se indican no parágrafo anterior.”

Debido a razóns de índole técnica o padrón de vados e entradas de vehículos non se puido confeccionar con antelación suficiente para dar cumprimento aos prazos establecidos no

calendario fiscal, polo que se impón a necesidade de proceder á súa modificación.

Os pazos modificados son os seguintes:

Concepto	Exercicio e período	Período voluntario ingreso	Data de cargo domiciliados
VADOS e CARGA e DESCARGA e ENTRADA DE VEHÍCULOS	2026	01/10/2026-01/12/2026	07/10/2026

“

En uso das atribución conferidas pola Lei de Bases de Réxime Local, no artigo 21.1.s), esta alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO

Aprobar a modificación do calendario fiscal para o exercicio 2026, polo que respecta á taxa de entrada de vehículos a través de beirarrúas e reserva de aparcamento exclusivo, para de vehículos e carga e descarga de mercadorías de calquera clase:

Período voluntario ingreso	Data de cargo domiciliados
01/10/2026-01/12/2026	07/10/2026

SEGUNDO

Publicar o calendario fiscal no Boletín Oficial da Provincia, na Web municipal e no Taboleiro electrónico para xeral coñecemento, con indicación expresa de tódolos extremos enumerados no artigo 24.2 do Regulamento Xeral de Recadación.

Asinado en Rianxo por medios electrónicos polo alcalde, Julián Bustelo Abuín, do que eu, o Secretario, e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).